



## *Departamento de Matemáticas*

***CURSO 2024-2025***

### **ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES BACHARELATO.**

No caso de alumnado coa materia de Matemáticas sen superar do curso anterior, establecerase un Plan de Recuperación da Materia non superada, tal e como recolle a orde de atención á diversidade (Orde do 8 de setembro de 2021). O alumnado avaliarase en base aos criterios de avaliación establecidos na Programación do curso 24-25 do nivel non superado.

As datas de entrega/devolución de boletíns e probas escritas fixaranse ao principio de curso polo Departamento. A/o profesora/or que lle imparte clase será a/o encargada/o do seu alumnado pendente. Daralles toda a información necesaria relativa á avaliación de pendentes (criterios, boletíns, datas). Informarase, con tempo suficiente, das datas das probas escritas. É fundamental entregar os exercicios no prazo establecido có fin de que sexan útiles para preparar o exame.

#### **AVALIACIÓN ORDINARIA**

Para aprobar a materia na avaliación ordinaria, deberán cumprir un destes criterios:

- **Criterio 1:**

O alumnado poderá recuperala pendente por bloques. Cada un destes bloques identificarase coa 1ª (bloque 1) e 2ª avaliación (bloque 2).

Os criterios de avaliación distribuiranse equitativamente en dous bloques. En cada bloque utilizarase como material didáctico un boletín de exercicios elaborado polo profesorado (un por bloque) en base aos criterios de avaliación establecidos e non superados do curso anterior. Ademais, farase unha proba escrita por bloque, na que se avaliarán os criterios de avaliación que se traballen no boletín correspondente.

*Cálculo cualificación 1ª – 2ª avaliación.*

Os instrumentos empregados para obter esta cualificación serán a proba escrita e a táboa de indicadores, asociada esta última ao boletín do bloque correspondente:

- A proba escrita terá un peso dun 80% sobre a cualificación da avaliación.
- A táboa de indicadores terá un peso do 20% sobre a cualificación da avaliación.

A nota da avaliación obterase seguindo a expresión:

$$\text{Cualificación Avaliación} = 80\% \text{ proba escrita} + 20\% \text{ táboa de indicadores}$$

Se esta cualificación é igual ou superior a 5, terá a avaliación superada.

### *Cálculo cualificación 3ª avaliación.*

Para obter a cualificación da 3ª avaliación farase a media aritmética da 1ª e 2ª avaliación.

Se esta cualificación é igual ou superior a 5, terá a materia superada.

Se é inferior a 5, o alumnado terá que recuperar aqueles criterios de avaliación asociados á/ás avaliación/s non superada/s nunha recuperación (exame final).

### *Recuperación:*

A cualificación da proba escrita de recuperación (exame final) terá un peso dun 100% sobre a cualificación da/s avaliación/s non superada/s, sempre en cando esa cualificación sexa superior á cualificación acadada anteriormente nesa/s avaliación/s. Noutro caso, utilizarase a cualificación máis alta entre a cualificación antes da recuperación (exame final) e despois da recuperación (exame final).

O alumnado que na proba escrita de recuperación (exame final) teña que recuperar a 1ª e 2ª avaliación terá un único exame que abarcará ambas avaliacións.

A este exame de recuperación (exame final) poderá presentarse o alumnado que, tendo aprobada a 3ª avaliación, e, polo tanto, a materia pendente, queira mellorar a súa cualificación. Terá que avaliarse de todos os criterios de avaliación asociados á/ás avaliación/s nas que quere mellorar a súa cualificación. A cualificación desta proba terá un peso dun 100% sobre a cualificación da/s avaliación/s nas que quere mellorar a súa cualificación, sempre en cando esa cualificación sexa superior á cualificación acadada anteriormente nesa/s avaliación/s. Noutro caso, utilizarase a cualificación máis alta entre a cualificación antes da recuperación (exame final) e despois da recuperación (exame final).

### *Cálculo da cualificación final da materia, NOTAFIN.*

Para calcular a cualificación final da materia farase a media aritmética da cualificación da primeira e segunda avaliación despois de facer a recuperación (exame final).

Se esta nota é igual ou superior a 5, terá a materia superada.

O alumnado que, tendo que recuperar a 1ª e 2ª avaliación fixo un único exame de recuperación (exame final), a súa cualificación final calcularase da seguinte maneira:

*Cualif final alumnado que tivo que recuperar 1ª e 2ª avaliación* = MAX(cualificación ex recuperación (exame final), media aritmética da cualificación da primeira e segunda avaliación)  
Se esta cualificación é igual ou superior a 5, terá a materia superada.

En ambos casos, se é inferior a 5, poderá superar a materia có criterio 2.

- **Criterio 2:**

Dado o carácter continuo e acumulativo da materia de Matemáticas, se o/a alumno/a aproba o curso actual terá superada a materia pendente.

Para calcular a súa cualificación empregarase a seguinte expresión

*Cualificación final* = MAX(5, 80% da cualificación do curso actual + 20% cualificación táboa indicadores asociada aos boletíns de pendentes)

Esta cualificación corresponderase coa cualificación final da materia pendente.

Se esta cualificación é igual ou superior a 5, terá a materia superada.

Noutro caso, quedaralle a materia non superada.

### **AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

O alumnado que non lle quede superada a materia coa NOTAFIN da avaliación ordinaria terá a posibilidade de recuperala na proba extraordinaria de xuño.

Nese exame avaliaranse todos os criterios de avaliación.

Ese exame terá un peso dun 100% sobre a cualificación da avaliación extraordinaria. A cualificación da proba extraordinaria corresponderase coa cualificación dese exame.

Se esta cualificación é superior a 5, terá a materia superada.

Noutro caso, quedaralle a materia non superada.